

Como un luscofusco

O capitán dos teus ollos



ROMÁN RAÑA

A fortuna de Xosé Miranda (Lugo, 1955) como poeta é esquivia. A pesar de ter obtido importantes galardóns (o Esquíu, o Eusebio Lorenzo), o seu recoñecemento público segue a ser mínimo. A súa fama como prosador acabou sepultando o seu traballo poético. Mais obras como *Permiso para o curso*, insistimos, constitúen cimos dificilmente repetíbeis. O volume que agora comentamos, *Capitán dos teus ollos*, insérese na capacidade do noso autor para ampliar a nómina dos seus intereses, dos seus temas e da súa formulación verbal.

O libro é un poema único. Trátase dunha longa excursión pola tristura e a alegría, os dous polos polos que atravesamos a alma do creador. Entre elas agurulla un magma marino completo de luxuriosas especies (peixes, moluscos, mamíferos) e de melancólicos navegantes (conmovedores ecos de Manuel Antonio). Percíbese un alento inicial que quer ser cósmica visión dunha natureza exuberante, indómita, pletórica, que empapa o caudal dos seus versos: “alí, onde o cabalo de mar hipnotizado/intenta profundar nos esqueletos dos días/e o caranguexo ermitán eleva as súas oracións e afasta toda visión salvo a da cuncha,/a do embigo de Deus”.

Despois desta impetuosa xénese, o poeta vai percorrer os seus estados da alma co mesmo

asombro co que contempla os avatares do cosmos. Grandiosa exhalación do que se sente, espello cristalino que pronto se embaza con dúbidas e desalentos, declaracións políticas xenéricas na irmandade do traballo asalariado, intento de ser parte de un todo que se multiplica e que se ensume nunha mágoa, a mágoa de vivir e a alegría da obstinación competindo nun único afán: o amor, que xorde no medio do poemario e que como un



espectro exultante acaba sendo alicerce deste discurso, de todo discurso.

Polo medio hai nostalxias, a dor das sombras, a fascinación por un mundo que se vai, a presenza dos familiares mortos, o corazón que se desangra. Alguén pode non concordar con certos momentos prosaicos, con algunhas enumeracións excesivas. Trátase de breves infraccións dun discurso que, en conxunto, podemos afirmar que é altamente emotivo, como un luscofusco, como un grupo de golfinhos escoltando a nosa aposta pola vida.

MIRANDA, Xosé, *Capitán dos teus ollos*, Ed. Espiral Maior, A Coruña, 2005, 47 páxinas